



## CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS GALEGOS DE MADRID (AEGAMA) PARA O FOMENTO DA COOPERACION ENTRE EMPRESARIOS DE ORIXE GALEGO DE MADRID E EMPRESARIOS GALEGOS DE GALICIA

**Dunha parte**, Covadonga Toca Carús en nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica (**Igape**), con NIF Q6550010J e domicilio social no Edificio Igape, Complexo Administrativo San Lázaro, s/n, 15707 Santiago de Compostela, en calidade de directora xeral. Está facultada para este acto en virtude da delegación de facultades recollida na Resolución do 18 de setembro de 2023 (DOG núm. 184, do 27 de setembro de 2023).

**E doutra**, Julio Lage González en nome e representación da Asociación de Empresarios Galegos de Madrid (**AEGAMA**), constituída en Madrid o 22 de maio de 1990, inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Delegación do Goberno en Madrid, baixo o nº 10.678 o 18 de setembro de 1990, CIF nº G-79532354, con enderezo Rúa Ourense, 10 2ª Planta, Oficina 10, Madrid.

Todas as partes recoñécense mutuamente con capacidade xurídica abondo para formalizar este acordo e manifestan ter vixentes os seus poderes e ter capacidade suficiente para obrigar ás súas representadas en virtude do presente convenio, e para tal efecto

### EXPOÑEN

**PRIMEIRO.** Que o Instituto Galego de Promoción Económica (en adiante, Igape), creado pola Lei 5/1992, do 10 de xuño, é un ente de dereito público adscrito á Consellería de Economía e Industria polo Decreto 49/2024, do 22 de abril. Configúrase como un instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para o impulso do desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, promovendo actividades que contribúan á creación de emprego baseado nun tecido empresarial moderno, internacionalizado e competitivo.

Entre as funcións encomendadas ao Igape en relación á expansión exterior –en virtude do disposto no artigo 4 da súa lei de creación–, están as de promover a creación de empresas nos distintos sectores de actividade económica que teñan maior impacto e vantaxes comparativas para o desenvolvemento da economía galega, favorecer a modernización e innovación tecnolóxica e organizativa das empresas galegas, proporcionar información sobre os mercados e favorecer o desenvolvemento das exportacións e acordos con empresas estranxeiras, así como apoiar e promover calquera tipo de actividades que contribúan á mellora do sistema produtivo de Galicia especialmente as de maior importancia estratéxica.

**SEGUNDO.** Que a Asociación de Empresarios Galegos de Madrid (en adiante AEGAMA) foi constituída o 22 de maio de 1990, e se rexe polos seus estatutos, pola Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, polas disposicións complementarias e por calquera outras que lle poidan ser de aplicación, no marco da Constitución Española, especialmente polo disposto no seu artigo 22.

Entre as actividades e fins de AEGAMA cabe resaltar, entre outras, as seguintes:

- A representación dos seus membros en orde a súa actividade; especialmente á promoción comercial e difusión dos seus produtos e servizos.
- Fomento da solidariedade de todos os membros da asociación, promocionando e creando servizos propios e de interese común para os asociados.
- Intercambio de experiencias e información entre os seus membros.
- Potenciación dos contactos cos directivos, empresarios e profesionais galegos emigrados e impulso da creación de empresas conxuntas ou mixtas.



- Axuda ao desenvolvemento económico, cultural e científico de Galicia mediante as accións que se determinen.
- Establecemento de relacións con outras asociacións semellantes, en especial as constituídas por empresarios galegos.
- Axudar ao perfeccionamento das técnicas de xestión empresarial entre os seus asociados.
- Fomento do desenvolvemento das actividades relacionadas coa formación para o emprego, a investigación e a innovación tecnolóxica.
- Organización de encontros para intercambios de experiencias entre os asociados e fomento da súa interrelación, en orde á mutua colaboración.
- Estimular a eficacia e promover valores éticos no desempeño dos negocios e das actividades, resolvendo as diverxencias entre os asociados, cando sexa solicitado.
- Proporcionar a libre discusión de todos os asuntos de interese dos asociados no ámbito exclusivo das súas actividades.
- Orientar aos asociados sobre as perspectivas de mercado, a implantación de empresas, participacións e investimentos.
- Mantemento dun órgano de orientación xurídica e de consultas.
- Administrar e dispor dos recursos da asociación, sexan orzamentarios ou patrimoniais e aplicarlos para os fins e actividades propias.
- Manter unha estreita relación coas organizacións empresariais existentes e estimular a adhesión dos seus asociados ás organizacións patronais de Madrid, integradas na CEOE.
- Desenvolver proxectos de investigación e estudo de campos sectoriais e territoriais nos ámbitos formativo, social, económico e medioambiental, e todos aqueles relacionados coa actividade dos asociados.
- Potenciar as relacións empresariais e sociais a través da colaboración con empresarios e profesionais e entidades públicas ou privadas de Galicia.
- Todas cantas outras funcións de semellante natureza se consideren convenientes para o cumprimento dos seus fins e para a lexítima defensa dos seus membros.

Para o mellor cumprimento dos fins sinalados, AEGAMA poderá levar a cabo, entre outras, as seguintes accións:

- Publicacións informativas para os asociados.
- Xornadas de negocios, almozos de traballo e almozos con debates.
- Potenciar acordos de colaboración con empresas.
- Organizar un premio anual ao Galego do Ano.
- A representación da Asociación a nivel institucional.
- A Constitución por acordo da Xunta Directiva, dentro do seno da asociación, das comisións e grupos de traballo que se consideren convenientes na forma e condicións de funcionamento e xestión establecidas nos estatutos.

**TERCEIRO.** Co fin de promover a cooperación entre empresarios e profesionais de Galicia e empresarios socios da AEGAMA considérase oportuna a sinatura deste convenio.

Son obxectivos fundamentais deste convenio a información e detección de oportunidades de negocio entre os seus membros e asociados, o establecemento de alianzas comerciais, tecnolóxicas e profesionais, así como a realización de investimentos individuais ou conxuntos en Galicia.

Por todo iso, a AEGAMA e o Igape están interesados en colaborar para a consecución dos obxectivos comúns nas materias ás que se fai mención nos expositivos precedentes e, para ese efecto, subscriben o presente convenio de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS



### PRIMEIRA. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre o Igape e a AEGAMA para o fomento da cooperación entre empresarios galegos de Galicia e os empresarios de orixe galego de Madrid co obxectivo de fortalecer os negocios e alianzas deste colectivo, establecendo as bases que permitan a realización das seguintes accións:

Nome acción	Descrición acción
<b>Premio Victoriano Reinoso</b>	Cea de gala con entrega de premio a un empresario relevante para Galicia. Premio anual. Asistencia aproximada 200 persoas Madrid - 13/03/2025
<b>Encontro anual de empresarios galegos e madrileños polo mundo</b>	Encontro internacional anual de empresarios galegos e madrileños onde participan tamén, aqueles que residen ou teñen negocios no estranxeiro. Asistencia aproximada 200 persoas. Galicia - Verán 2025
<b>Entrega de premios AEGAMA do verán</b>	Cea de gala con entrega de premios internacionais a empresarios relevantes. Asistencia aproximada 200 persoas. Galicia - Verán 2025
<b>Almorzo: a auga, un recurso vital e escaso</b>	Almorzo centrado no ciclo integral da auga. Coa participación asistencia aproximada 80 persoas. Madrid - Terceiro trimestre 2025
<b>Presentación anual de Galicia a empresarios madrileños</b>	Xantar, coloquio autoridades da Consellería de Economía e Industria e do Igape, con participación de empresarios relevantes en Madrid. Asistencia aproximada 80 persoas. Madrid - Terceiro trimestre 2025

### SEGUNDA. XUSTIFICACIÓN DA UTILIZACIÓN DA FIGURA DO CONVENIO

Motívase a utilización da figura do convenio en que a AEGAMA é a única asociación que agrupa colectivamente os intereses multisectoriais dos empresarios galegos en Madrid.

Por outra banda, mediante este convenio o Igape non encomenda unha xestión de servizos a AEGAMA, senón que traza un marco de colaboración no que une as experiencias e eidos de competencias de cadaquén para acadar un fin común de interese público como é o de robustecer e consolidar a relación de entre empresarios galegos de Galicia e empresarios galegos de Madrid. Esta é a canle axeitada, rigorosa e segura a través da colaboración leal e profesional entre os asinantes.

É esta idea de colaboración na consecución do fin común de fomento das relacións empresariais que fundamenta a subscripción deste instrumento. A colaboración entre o Igape e a AEGAMA axústase a principios de lealdade, transparencia, boa fe, achega e responsabilidade.

### TERCEIRA. FINANCIAMENTO

O orzamento estimado para a execución das accións recollidas na cláusula primeira é de trinta e seis mil setecentos euros (36.700,00 €), IVE non engadido, que se distribúen do seguinte xeito:

Nome acción	Descrición acción	Custo total estimado realización acción
<b>Premio Victoriano Reinoso</b>	Cea de gala con entrega de premio a un empresario relevante para Galicia.	8.000€ (sen IVE)



<b>Encontro anual de Galegos polo mundo</b>	Encontro internacional anual de empresarios galegos polo mundo.	8.000€ (sen IVE)
<b>Entrega de premios AEGAMA do verán</b>	Cea de gala con entrega de premios internacionais a empresarios relevantes.	9.000€ (sen IVE)
<b>Almorzo: a auga, un recurso vital e escaso</b>	Almorzo centrado no ciclo integral da auga.	5.000€ (sen IVE)
<b>Presentación anual de Galicia a empresarios madrileños</b>	Xantar, coloquio autoridades da Consellería de Economía e Industria e do Igape, con participación de empresarios relevantes en Madrid.	6.700€ (sen IVE)
<b>TOTAL</b>		<b>36.700 €</b>

Deste orzamento, o Igape financiará a contía de vinte mil euros (20.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 09.A1.741A.640.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2025.

AEGAMA contribuirá cunha achega de dezaseis mil setecentos euros (16.700 €) cos que cofinanciará os gastos de servizos recollidos no anterior cadro.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das accións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado nesta cláusula, cando obedezan a razóns xustificadas e as accións que se leven a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros.

#### **CUARTA. OBRIGA DAS PARTES**

1. A AEGAMA queda obrigada á realización do obxecto do presente convenio e a realizar todas as actividades precisas para que as accións do convenio se desenvolvan correctamente, comprometéndose a:

- Desenvolver as accións previstas no anexo II do convenio para o ano 2025.
- Incrementar as relacións entre a AEGAMA e o Igape e a Xunta de Galicia.
- Favorecer os contactos entre a Xunta de Galicia, o Igape e as principais institucións económicas e empresariais promovendo acordos e/ou convenios con, entre outros, as principais institucións ou asociacións empresariais madrileñas, que contribúan a facilitar desenrols e cooperación económicas.
- Levar a cabo, directamente ou en colaboración con outras entidades, as accións que propoña ao amparo deste convenio, a Xunta de Galicia, o Igape, os clústeres ou as asociacións galegas que contribúan a fomentar a colaboración entre os empresarios galegos socios da AEGAMA e as empresas galegas, ben directamente ou ben a través das asociacións e clústeres.
- Divulgar, buscar activamente e propoñer Galicia como destino de investimento dos empresarios socios da AEGAMA.
- Realizar, unha vez ao ano en data a convir, ben presencialmente ou ben virtualmente, un encontro entre o Igape e a Consellería de Economía e Industria cos socios da AEGAMA para informar sobre as diferentes accións de promoción e desenvolvemento económico que se están levando a cabo por parte da Xunta para axudar ás empresas galegas.
- Achegar, antes do vencemento do prazo de xustificación un informe final anual coas principais accións desenvoltas ao longo do ano, que acrediten as actividades desenvolvidas, así como os informes e demais documentos que, de ser o caso, sexan requiridos polo Igape, aos efectos da correcta xustificación do desenvolvemento das accións.



- Someterse á inspección e control do Igape co obxecto de supervisar o cumprimento das accións previstas no convenio e que permitan a esta a súa xustificación financeira.
- Cumprir as normas sobre confidencialidade de datos previstas na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- A AEGAMA asume o compromiso de difundir o financiamento do Igape en todo tipo de publicidade, información e material relativo á execución das accións deste convenio, con suxeición ás normas da súa imaxe corporativa.
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de control.

## 2. Compromisos e obrigas do Igape:

- Colaborar no financiamento do custo das accións previstas a través da concesión dunha achega por importe máximo de vinte mil euros (20.000,00 €).
- Apoiar as accións previstas no anexo II para o ano 2025.

Tendo en conta que a AEGAMA carece de ánimo de lucro na realización das accións obxecto do convenio, a contribución pecuniaria do Igape á realización das accións do seu obxecto, responde a unha compensación dos custos que terán que soportar de cara a lograr a efectividade e executividade do convenio.

## QUINTA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1. O prazo de presentación da solicitude de cobramento no Igape será desde o día seguinte á finalización das accións indicadas na cláusula primeira e rematará o 15 de novembro de 2025.

2. A xustificación presentarase vía electrónica na oficina virtual do Igape na páxina <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual>, en particular, a través do código de procedemento PE001, achegando as copias dixitalizadas da documentación que se relacionan a continuación. A AEGAMA responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenten.

3. A solicitude de cobramento virá acompañada da seguinte documentación:

- a) Informe/memoria xustificativa asinada e selada pola persoa representante legal do cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación das accións levadas a cabo, *dossier* fotográfico e resultados obtidos.
- b) Certificación dos gastos, segundo o modelo do anexo I, facendo distinción entre: gastos de persoal, gastos de subministracións e servizos e outros.
- c) Certificacións expedidas polas respectivas administracións públicas, que acrediten que se está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou autorización para que a Xerencia do Igape realice estas consultas polos seus propios medios, segundo o anexo I.
- d) Declaración responsable asinada pola persoa representante legal con poder suficiente, doutras axudas de carácter público ou privado para os mesmos gastos obxecto deste convenio ou, se é o caso, ausencia das mesmas, segundo o anexo I.
- e) Declaración responsable da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pagamento, segundo o anexo I.
- f) No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.
- g) Breve informe sobre a situación de AEGAMA que faga referencia ao número de asociados, altas e baixas ao longo da vixencia do convenio.
- h) Ademais, e para xustificar a aportación de AEGAMA ao presente convenio, relación, mediante documentos oficiais correspondentes tales como facturas, nóminas, etc., dos gastos propios incorridos para o desenvolvemento das distintas obrigas que asume AEGAMA, entre os que



caben salientar os seguintes (segundo o modelo do anexo I):

- Gastos de persoal de AEGAMA.
- Pago de alugueiros da sede social da AEGAMA.
- Gastos de material e consumibles necesarios para o desenvolvemento das accións de AEGAMA.
- Gastos operativos da sede social de AEGAMA tales como teléfono, luz, auga, gas, etc
- Outros gastos incorridos imputables ás obrigas que asuma a AEGAMA.

Todos os gastos computables deberan ser xustificados mediante transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

Será obrigatorio presentar tres orzamentos para todos aqueles gastos externos superiores a 15.000 € + IVE e xustificar a selección do provedor en caso de non ser o máis económico.

Os gastos nos que se incorra serán compatibles con outras cantidades públicas ou privadas que puidese recibir, que deberán ser declaradas nas liquidacións do convenio, e reducirían o importe total a achegar polos asinantes na mesma porcentaxe que achegan ao convenio.

Todos os gastos externos xustificados deben axustarse a prezos de mercado, polo que podería solicitarse unha auditoría sobre os gastos xustificadas, no caso de que non exista outro patrón de público coñecemento que permita establecer o dito axuste.

En todo caso, o Igape, resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa realización das accións obxecto deste convenio, e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

Procederá a minoración das contribucións cando as accións desenvolvidas e xustificadas o abeiro deste convenio non acaden os importes dos gastos xustificables e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto.

A AEGAMA manterá a disposición do Igape ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación *in situ*, ben por medios propios ou mediante auditor externo.

## **SEXTA. DIRECTORIO DE EMPRESAS E PROFESIONAIS GALEGOS DA ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS GALEGOS DE MADRID**

Coa sinatura do presente convenio, AEGAMA comprométense a entregar nun prazo de 3 meses o directorio actualizado de empresarios e profesionais de orixe galego pertencentes á asociación.

## **SÉTIMA. DIFUSIÓN**

A AEGAMA comprométese a difundir e promocionar entre os seus asociados, tanto a sinatura do presente convenio, como as actuacións que se desprendan do mesmo, para desta maneira axudar ao seu mantemento e crecemento.

## **OITAVA. VIXENCIA E CAUSAS DE RESOLUCIÓN**

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá duración ata o 30 de decembro de 2025, podendo prorrogarse por un ano adicional, ata o 30 de decembro de 2026, previo acordo das partes.

O convenio extinguirase polo cumprimento das accións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.



Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a súa prórroga.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideren incumpridos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando concorran calquera das causas de resolución do convenio existen accións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das accións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a súa liquidación.

#### **NOVENA. COMISIÓN DE SEGUIMENTO**

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha Comisión de Seguimento de composición paritaria, que coordinará o seu desenvolvemento. Reunirase a petición dunha das partes, e actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio.

A citada comisión estará presidida por un dos representantes do Igape.

En todo o non especificamente previsto sobre o funcionamento desta comisión, serán de aplicación as normas sobre órganos colexiados previstas no capítulo II do título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na sección III, capítulo I, título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. A propia comisión, unha vez constituída, decidirá o réxime das súas reunións.

#### **DÉCIMA. MODIFICACIÓNS DO CONVENIO**

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A devandita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Toda alteración que se realice referente ao contido deste convenio será proposta pola Comisión de Seguimento e deberá formalizarse na correspondente addenda.

#### **UNDÉCIMA. PUBLICIDADE**

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, o Igape e a Consellería de Economía e Industria publicarán no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial o importe da contribución económica ao amparo deste convenio e a entidade destinataria desta; e incluírá igualmente a referida contribución e as sancións que como consecuencia desta puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión por parte do Igape aos órganos competentes da Consellería de Economía e Industria.

AEGAMA deberá subministrar toda a información necesaria para que o Igape poida dar



cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da citada lei.

#### **DUODÉCIMA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

En virtude do disposto no artigo 26 do Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos (RXPD) e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE nº 294, do 6 de decembro), se calquera das partes accede a datos de carácter persoal contidos en ficheiros titularidade de AEGAMA, adquiren a condición de encargados do tratamento e comprométese a:

- Non utilizar nin tratar datos de carácter persoal cunha finalidade distinta á execución do convenio, non comunicar os datos baixo ningún concepto a terceiras persoas, nin sequera para a súa conservación e, en especial, non reproducir, nin publicar, nin difundir ningunha información acerca dos datos.
- Garantir o cumprimento das medidas de seguridade establecidas, así como a súa correcta implementación.
- Ao termo da relación, por calquera causa, os datos de carácter persoal aos que tiveran acceso as restantes partes, deben ser destruídos ou devolverse a AEGAMA, incluíndo calquera soporte ou documento.

O incumprimento destas obrigas fai responder ás restantes partes das infraccións que cometa coma se ocupase a posición de responsable do tratamento.

O Igape responde fronte a AEGAMA do cumprimento destas obrigas polas persoas que na súa representación participen de calquera modo na execución do convenio.

#### **DÉCIMO TERCEIRA. RESPONSABILIDADE**

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais ou entidades que vaian desenvolver as accións obxecto deste convenio e o Igape, de tal xeito que non se poderá esixir a este Instituto responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do devandito convenio.

#### **DÉCIMO CUARTA. AUTORIZACIÓNS**

As asociacións asinantes consenten expresamente a inclusión dos datos persoais e relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, así como poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, sito no Complexo Administrativo de San Lázaro s/n, 15707 Santiago de Compostela, en aplicación do disposto no Decreto 126/2006.

Este consentimento esténdese á autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se aboe o pagamento, ao *Diario Oficial de Galicia* e ás demais cesións previstas na lei.

#### **DÉCIMO QUINTA. NATUREZA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

O presente convenio ten natureza administrativa, quedando fóra do ámbito de aplicación, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público de conformidade co seu artigo 6 e para calquera cuestión litixiosa que se derive do mesmo, será de aplicación a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ambas partes comprométese a resolver de común acordo, ante a Comisión de Seguimento,



calquera controversia que puidera suscitarse sobre a interpretación ou execución deste convenio.

En caso de conflito, ambas partes acordan someterse á Xurisdición Contencioso-Administrativa.

#### **DÉCIMO SEXTA. NORMATIVA APLICABLE**

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como na Resolución do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril) pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, en todo o que non contradiga a primeira.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio o 12 de marzo de 2025.

Polo Igape,

Por AEGAMA,

Covadonga Toca Carús  
Directora xeral

Julio Lage González  
Presidente



## ANEXO I DECLARACIÓNS E AUTORIZACIÓNS

Don/Dona ..... con DNI ..... en nome e representación da entidade Asociación de Empresarios Galegos de Madrid (AEGAMA), con número de identificación fiscal .....,

**DECLARO**, baixo a miña responsabilidade, que a entidade a que represento non mantén ningunha débeda nin obriga pendente coa administración tributaria estatal española e galega, coa Seguridade Social española nin coa Xunta de Galicia.

**AUTORIZO expresamente ao Igape:** para que solicite da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Consellería de Facenda e Administración Pública e da Seguridade Social a información relativa ao cumprimento por parte da entidade que represento das obrigas tributarias estatais e autonómicas, as obrigas coa Seguridade Social e de ausencia doutras débedas coa Comunidade Autónoma.

A entidade comprométese a comunicar ao Igape calquera cambio ou novidade na información que pola presente se declara, a partir da data abaixo sinalada e ata a finalización da liquidación do convenio de referencia.

**DECLARO**, baixo a miña responsabilidade: que para os mesmos gastos acollidos ao convenio entre o Igape e a Asociación de Empresarios Galegos de Madrid (AEGAMA) para o exercicio 2025, a entidade que represento:

- Non ten recibido ningunha outra axuda nin pública ni privada.
- Ten recibido as seguintes axudas polos importes que se detallan:

Organismo convocante	Data de solicitude	Importe solicitado (euros)	Data de aprobación	Importe recibido (euros)

**DECLARO** que as accións contempladas e realizadas na anualidade 2025 incluídas neste convenio entre o Igape e a Asociación de Empresarios Galegos de Madrid (AEGAMA) foron as seguintes:

Descrición da acción	Data e lugar celebración	Importe total do custo da acción	Relación das facturas incorridas na celebración da acción, incluíndo importes.

Relación, mediante documentos oficiais correspondentes tales como facturas, nóminas, etc., dos gastos propios incorridos para o desenvolvemento das distintas obrigas que asume AEGAMA, entre os que caben salientar, a modo de exemplo, os seguintes:

Concepto Gasto	Importe do gasto incorrido




Todos os gastos computables deberán ser xustificados mediante transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

**DECLARO**, baixo a miña responsabilidade, para os efectos de poder ser beneficiario das contribucións obxecto deste convenio, que os datos consignados nesta declaración relativos á conta bancaria aberta ao nome da entidade a que represento son certos. A falsidade do declarado determinará a imposibilidade de percibir, de ser o caso, os dereitos recoñecidos no procedemento administrativo desde o momento en que se teña constancia da falsidade, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que procedan.

Entidade	Sucursal	D.C.	IBAN

.....de.....de.....  
Asdo. ....



**ANEXO II**

**PROPOSTA DE ACCIÓNS DA ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS GALEGOS DE MADRID (AEGAMA) PARA O ANO 2025**

Don/Dona ..... con DNI ..... en nome e representación da entidade Asociación de Empresarios Galegos de Madrid (AEGAMA), con número de identificación fiscal.....,

**DECLARO**, baixo a miña responsabilidade, que a entidade a que represento ten planificado levar a cabo ao amparo do presente convenio as seguintes accións ao longo de 2025, dende a entrada en vigor do convenio ata o 15 de novembro de 2025.

Nome acción	Descrición acción	Custo total estimado realización acción
<b>Premio Victoriano Reinoso</b>	Cea de gala con entrega de premio a un empresario relevante para Galicia.	8.000€
<b>Encontro anual de Galegos polo mundo</b>	Encontro internacional anual de empresarios galegos polo mundo.	8.000€
<b>Entrega de premios AEGAMA do verán</b>	Cea de gala con entrega de premios internacionais a empresarios relevantes.	9.000€
<b>Almorzo: a auga, un recurso vital e escaso</b>	Almorzo centrado no ciclo integral da auga.	5.000€
<b>Presentación anual de Galicia a empresarios madrileños</b>	Xantar, coloquio autoridades da Consellería de Economía e Industria e do Igape, con participación de empresarios relevantes en Madrid.	6.700€
<b>TOTAL</b>		<b>36.700 €</b>

....., ..... de ..... de .....

Asdo. ....